

V CARREIRA POPULAR TORRE DO CASTRO
(SANDIÁS)
1 DE XUÑO DE 2014
PROBA OFICIAL DA FEDERACIÓN GALEGA DE ATLETISMO

A **V CARREIRA POPULAR TORRE DE O CASTRO** está organizada polo **CONCELLO DE SANDIÁS** en colaboración coa **ASOCIACIÓN DEPORTIVA LIMIACTIVA** e celebrarase o domingo día 1 de xuño de 2014.

REGULAMENTO:

1. A saída será:
 - a. Ás 10:30 para a carreira absoluta (8.000 m.)
 - b. Ás 10:40 para a carreira infantil-cadete (1.500 m.)
 - c. Ás 11:45 para a carreira benxamín-alevín (750 m)
 - d. Ás 12:00 para a carreira prebenxamín (350 m.)
 - e. Ás 12:10 para a carreira pitufos (150 m)
2. A saída estará situada detrás da Casa do Concello, e a meta ó lado do colexio para a carreira absoluta. Para o resto de carreiras á saída e meta será detrás da Casa do Concello.
3. A clasificación será absoluta e por categorías.
4. A organización contará coa colaboración da Federación Galega de Atletismo, dos organismos municipais competentes, e da Dirección Xeral de Tráfico, que regulará o tráfico ó longo do percorrido.
5. O percorrido estará sinalizado cada kilómetro.
6. O control de chegada pechará 40 minutos despois de que entre o primeiro clasificado.
7. A carreira estará controlada pola Federación Galega de Atletismo.
8. A organización conta con seguro de accidentes e responsabilidade civil.
9. Poderá ser motivo de descalificación, entre outros, os seguintes aspectos: non realizar todo o circuito da carreira, non levar dorsal ou manipular este, falsificar datos persoais.
10. Todo o non disposto na presente normativa rexerese polas normas de competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.
As reclamacións deberán ser feitas verbalmente ao xuíz árbitro, non máis tarde de 30 minutos despois de publicarse oficialmente os resultados.
11. Os participantes, polo mero feito de tomar parte na proba, acatan o presente regulamento.

INSCRICIÓNS:

Recibiranse inscricións a partir do 15 de maio ata o 29 de maio ás 23:59 H.

- ✓ Na web: www.carreirasgalegas.com
- ✓ Na Casa do **Concello de Sandiás**.
- ✓ En Running Sport Ourense (Nta. Sra. de la Sainza, 18b)

Cuota de inscrición: 4,00 € para a carreira absoluta.

A participación nas carreiras escolares é de balde.

Forma de pago:

- Mediante a pasarela de pago da web www.carreirasgalegas.com
- En efectivo ó realizar a inscrición presencial no Concello de Sandiás ou en Running Sport Ourense.

PECHARASE A INSCRICIÓN O XOVES DÍA 29 DE MAIO AS 23:59 H.

A entrega dos dorsais efectuarase ata 30 minutos antes de cada proba.
Servizo de duchas no Albergue de Peregrinos, situado ó lado do Colexio.

CATEGORÍAS:

	CATEGORÍA	HOMES E MULLERES	HORA DA SAÍDA	DIST.
A	BENXAMÍN	NADOS NO 2005 E 2006	11:45 H	750 ms.
B	ALEVÍN	NADOS NO 2003 E 2004		
C	INFANTIL	NADOS NO 2001 E 2002		
D	CADETE	NADOS NO 1999 E 2000	10:40 H	1,5 Km
E	XUVENIL	NADOS NO 1997 E 1998	10:30 H	8 Km.
F	IÚNIOR	NADOS NO 1995 E 1996		
G	PROMESA	NADOS NO 1992, 1993 E 1994		
H	SÉNIOR	DENDE 1991 ATA VETERÁNS		
I	VETERÁNS +35	MAIORES DE 35 ANOS		
J	VETERÁNS +40	MAIORES DE 40 ANOS		
K	VETERÁNS +45	MAIORES DE 45 ANOS		
L	VETERÁNS +50	MAIORES DE 50 ANOS		
M	VETERÁNS +55	MAIORES DE 55 ANOS		
N	PREBENXAMÍN	NADOS NO 2007 E 2008	12:00 H	350 m
Ñ	PITUFOS	NADOS NO ANO 2009 – 2010 – 2011 E 2012	12:10 H	150 m

PREMIOS:

CATEGORÍAS	PREMIOS	
PREBENXAMÍN BENXAMÍN ALEVÍN INFANTIL CADETE	TROFEOS PARA OS TRES PRIMEIROS CLASIFICADOS E MEDALLAS PARA O 4º E 5º DE CADA CATEGORÍA.	
CARREIRA ABSOLUTA	1º CLAS. MASC. - TROFEO E O SEU PESO EN PATACAS DA LIMIA. 2º CLAS. MASC. - TROFEO 3º CLAS. MASC. - TROFEO	1º CLAS. FEM. - TROFEO E O SEU PESO EN PATACAS DA LIMIA. 2º CLAS. FEM. - TROFEO 3º CLAS. FEM. - TROFEO
XUVENIL IÚNIOR PROMESA SÉNIOR VETERANOS +35 VETERANOS +40 VETERANOS +45 VETERANOS +50 VETERANOS +55	TROFEO PARA OS PRIMEIROS CLASIFICADOS DE CADA CATEGORÍA (OS PREMIOS NON SERÁN ACUMULATIVOS AGÁS OS DOS ATLETAS LOCAIS)	
ATLETAS LOCAIS (Empadroados no Concello de Sandiás)	TROFEOS PARA O 1º, 2º E 3º LOCAL MASC.	TROFEOS PARA O 1º, 2º E 3º LOCAL FEM.
MAIOR IDADE	TROFEO	
MÁIS NOVO	TROFEO	
PITUFOS	MEDALLAS PARA OS 40 PRIMEIROS	
EQUIPOS	<p>TROFEOS PARA OS COMPOÑENTES DOS 3 PRIMEIROS EQUIPOS. DEBERÁN ESTAR FORMADOS POR 4 ATLETAS, SENDO OBRIGATORIO QUE CONTEN CON ALOMENOS UNHA MULLER ENTRE OS SEUS COMPOÑENTES. ESTABLÉCESE UNHA ÚNICA CLASIFICACIÓN. PARA FACER A INSCRICIÓN DOS EQUIPOS SERÁ NECESARIO ENVIAR UN CORREO ELECTRONIICO A limiactiva@gmail.com INDICANDO O NOME DO EQUIPO E DOS SEUS COMPOÑENTES. Non se permitirá a inscrición de equipos o día da carreira.</p>	

PARA RECIBIR OS PREMIOS SERÁ NECESARIA A PRESENCIA DOS GAÑADORES NA CEREMONIA DE ENTREGA, NON PODENDO DELEGAR A RECOLLIDA DOS TROFEOS.

